

Documento distribuído por
culturagalega.org

Traballadoras

Para conmemorar a data 8 de marzo, en 1990 a Secretaría da muller da CXTG-IN edita *Traballadoras*. O libro fai un percorrido fotográfico desde 1905 ata 1989.

Fonte: Arquivo CIG-Vigo

Data de publicación: 8 de marzo de 2007



Consello da Cultura Galega
Sección de Filosofía e Pensamento
Comisión Técnica de Xénero

Pazo de Raxoi, 2 andar, 15704 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno. 981957202 / Fax: 981957205 / xenero@consellodacultura.org

TRABALLADORAS



secretaría da muller - cxtg

Foto da portada:
ENRIQUE SARAIVA
Mulleres carregando (1925)
Arq. Museo de Pontevedra

TRABALLADORAS

delmi álvarez - xela arias - rosalia de castro
julio f. de los ríos - pedro ferrer - chus garcía - José gil
xulio gil - josep gol - m^a. do carne krukenberg
xurxo lobato - llanos - maría mariño - José pardo reguera
joaquín pintos - raquel - sebastião salgado
enrique saravia - manuel sendón - José suárez
anna turbau - otto wunderlich

Imprime: *Artes Gráficas Galicia, S.A.*
Rúa Segovia, 19 - VIGO
Dep. Legal: *VG-52-1990*

® Prohibida a reprodución non autorizada das fotografías incluídas neste libro

P R E S E N T A C I O N

A excelente acollida que tivera, fai agora un ano, a exposición fotográfica organizada pola Secretaría da Muller da CXTG-IN levounos a pensar na conveniencia de perpetuar nun libro a maxia e a testemuña daquelas imaxes. Naceu así *TRABALLADORAS*, unha obra na que por vez primeira as mulleres operarias de Galicia convírtense en protagonistas absolutas dunha historia que no seu día lles foi roubada. Unha historia de negación e de silencio que hoxe as mulleres da Confederación Xeral de Traballadores Galegos intentamos recuperar e sen a cal non é posible entender o noso país.

Resulta tan inútil ignorar a importancia fondísima das mulleres na creación do movemento obreiro galego — das cigarreiras da Coruña, das conserveiras das Rías — como silencia-la súa tremenda importancia na actualidade. A incorporación da muller ó mundo laboral ven sendo, malia as dificultades, algo imparabile dende comenzos de século, e algo ó que xa non se pode renunciar porque é a única vía posible cara unha auténtica emancipación. Daí este libro, mestura de homenaxe e reivindicación, que nos devolve a memoria ó traveso da imaxe, implacable reveladora de verdade.

Aínda que non foi fácil. Realmente nunca nada é fácil neste tipo de aventuras e por iso o noso agradecemento é, se cabe, máis xeneroso e cordial. Sen o decidido apoio de M^a. Xosé Porteiro, Concelleira de Cultura do Concello de Vigo, dificilmente este libro tería visto a luz. E non a tería visto endexamais sen a xenerosidade extrema dos fotógrafos e fotógrafas cuio ollo, quero dicir cámara (*ollocámara*), soubo ser testemuña e arte da nosa realidade. E non sería o que é sen a colaboración inestimable do Museo de Pontevedra, cuio fondo fotográfico non é só dunha beleza arrebatadora senon tesouro da verdadeira identidade dun pobo. Nin estaría tan amorosamente coidado se Manuel Cidrás non convertira o seu tempo en minuciosidade e entrega ao proxecto.

Pero faltaba a palabra. E chegou primeiro na voz sabia e rebelde de Margarita Ledo. Despois chegaron elas, airadas, fondas, misteriosas, as voces de Rosalía, de María Mariño, de Luz Pozo, de Xohana Torres, de M^a. do Carme Krukenberg, de Xela Arias, a ecoar por entre as páxinas deste libro que, con humildade pero con xusta satisfacción, consideramos senlleiro na historia do movemento obreiro de Galicia.

Moncha Fuentes Arias
Coordenadora Nacional da Secretaría
da Muller da CXTG-IN

**O dereito ó traballo é a demanda
fundamental en torno á cal se articulan
tódalas demais reivindicacións femininas.**

F.S.M.

I M A X E C E R T A D E M U L L E R

**Imaxe de muller enteira,
de suxeito activo, sarpo de
tensións co que se reescriben,
xa, os conflictos.**

A foto, como toda linguaxe, tén ausencias. Pero cando é o Poder quen decide afastar aquilo ou aqueloutro da expresión en imaxes, entón a ausencia manca. E o Poder, para a foto, sono os Medios de Comunicación. E nos Medios, a foto vai estando máis presente na medida que se fai máis rutinaria e insignificante. E a foto, nos Medios, vai perfilando a nosa actitude óptica a partires do cliché 'violencia-espectáculo-velocidade de lectura' para imaxes sempre idénticas a sí sometidas ao formulario dos efectos-TV.

A foto, como toda linguaxe, conforma o noso imaxinario colectivo, e no noso imaxinario negóusenos a presenza da muller, convertiuse á muller traballadora en inexistente. Só por iso, a mostra que temos agora para nós consegue modificar o mundo que vemos a traveso da creba dun dos estereotipos máis tenazmente repetidos, o que nos di que a muller é paisaxe familiar nutricional ou un xeito de adubío, de *decor*.

Quizáves porque a realidade é máis real após sere fotografiada é polo que a prensa arreda á muller, como traballadora, e construe a ponto, envolvimento feliz para a función pública do varón. Muller á marxe da definición das sociedades na historia; muller opacada da súa materialidade; muller spectrum; muller sen desexo.

Por muito tempo, no devalo práctico da foto, a foto foi rexistro de realidade exterior. E non podía rexistrar á muller porque o espacio de muller decidírase invisíbel, submerso, reproductor, fóra da explotación contabel, eximida de se bater na rua. Porén sobre do vidro tratado con colleidon quedan algúns retratos de muller, peza privativa, porque só a burguesa, no dazanove, accedía ao dereito persoal do recordo fotográfico de sí. Despois, a muller foi procurada pola cámara positivista que todo o quere notificar

como obxecto de observación, como documento do seu entorno e do tempo seu.

Para nós, após a guerra, a muller aparece fuxidia, como suxeito colectivo vencido, pano de fondo, nas despedidas do peirao, e na máis singular das reportaxes galegas en imaxes ata o conflito de As Encrobas, na reportaxe 'Emigración' de Manuel Ferrol.

É agora que xa non é verdade a foto de clasificación por oficios ou por cerimoniais, coa que se nos devorou como intrahistoria, nen queremos a redución do real a fotoglamour, a ese encanto da muller tapa-buratos ou da muller-burato, con que nos agasalla calqueira magazin, afora a muller decide ampliar o seu territorio de representación, decide ir cara esa temática que amola porque non satisfaz a imaxe que se quere dela, decide se exhibir a pelo e ser imaxe de explotación.

Imaxe fixa, imaxe que se nos fixa como sistema de datos e tamén de afectos, imaxe de muller enteira, de suxeito activo, corpo de tensións co que se reescriben, xa, os conflitos.

Imaxe primeira das traballadoras da conserva en Rianxo, que fotografou Piñón no 78; imaxe que non puidemos conseguir das traballadoras do textil en Boiro; imaxe da escombreira nas minas de Carburós, en Cee, imaxe que informa os meus anos de prensa a fin dos setenta e que agora recupero ao contemplar, nesta mostra da CXTG, imaxe certa de muller.

Margarita Ledo Andión.

Daquelas que cantan as pombas e as froes
todos din que teñen alma de muller;
pois eu que n'as canto, Virxe da Paloma,
¡ai! ¿de qué a terei?

Rosalía de Castro



PEDRO FERRE
Palteiras (c. 1901)
Arquivo Museo de Pontevedra

A muller labrega é a espiña dorsal da nación. Ela mantivo durante séculos a cultura, a lingua, a condición da Patria, a nosa diferenza fronte ao mundo. Mentres as servidumes da emigración recaían sobre o varón, ela permanecía, e permanece, apegada ao torrón, coas mans escravas sempre labourantes e activas. Son, as nosas labradoras, as *Matres Gallaetiae* sobre as que sobrevive o noso soño de emancipación colectiva.



PEDRO FERRER
Regresando do labor (c. 1905)
Arquivo Museo de Pontevedra



PEDRO FERRER
Ciprésedo (c. 1925)
Arquivo Museo de Pontevedra

Tamén podo decir "Dela non queda nada
senon este rumor que deixa a folla"...

Xobana Torres



PEDRO FERRER
Sachando patatas (c. 1925)
Arquivo Museo de Pontevedra



JOSÉ PARDO RIECHKA
Na feira de Biazos (c. 1925)
Arquivo Museo de Pontevedra



OTTO WUNDERLICH
Ladeira de Tui (c. 1925)
Arquivo Museo de Pontevedra



JOAQUÍN PISTOS
Cabida do gado (1917)
Arquivo Museo de Pontevedra



PEDRO FERRER
Lavando no río (c. 1905)
Arquivo Museo de Pontevedra



JOSÉ SUÁREZ
Mujeres de Niño de Aguilá (1930)
Arquivo Museo de Pontevedra

**Viudas de vivos e mortos
que ninguén consolará.**

Rosalía de Castro



JOSE SUÁREZ
Murteiros (1936)



ARQUIVO LEANOS
Merca do de páscoa de Paredes (c. 1925)



ARQUIVO LLANOS
Mercedo da Pedra (c. 1945)



XURXO LOBATO
Traballadoras (1989)

**Xa teño adeprendido
a vivir na penumbra**

Luz Pozo



XURXO LOBATO
Traballadoras (1989)

No Muro da Coruña, na Ribeira do Berbés de Vigo, a man de obra feminina é protagonista cada xeira de desembarco de peixe. As traballadoras das docas e os molles son unha peza esencial da vida económica galega. Esquencidas, silenciadas, sobre as súas cabezas e nos seus carretóns cárgase cada noite unha boa parte das riquezas que acumula a burguesía armadora de Galicia.



RAQUEL
Berlin (1989)



JOSÉ SUÁREZ
Mariñeros (1936)

**vou e veño coas ondas
a morrer nista area.**

M^a. do Carme Krukenberg



JULIO F. DE LOS RÍOS
Agredación pola praia (c. 1910)
Arquivo Museo de Pontevedra



José Suárez
Murales (1945)



JOSÉ SUÁREZ
Marineros (1956)

**Habitante do alto e nun pechar de ollos
toda a túa beleza conmovida no tempo!**

Xohana Torres



RAQUEL
Berú (1989)

¿Cómo piso forte sendo branda?



XULIO GU.
Priscira (1989)

¿Cómo digo sí si o non está escuitando?

María Mariño



**Tódalas mans anónimas simbolizan o estrago
nun espacio fendido en diagonais para rachar a vida.**

Luz Pozo



JOSE SUAREZ
Marineros (1956)

Na historia social de Galicia teñen as traballadoras da conserva un posto de iniciadoras. Fundadoras dos primeiros núcleos da unidade operaria, das primeiras entidades de asociación sindical. Desde finais do século XIX deica 1936 foron elas unha vangarda. Desde Ribadeo á Guardia, por todo o litoral galego, o fascismo rapou en 1936 as súas cabezas, prendeunas, fusilounas e fusilou aos seus fillos e homes. Elas son o máis valioso do noso movemento sindical. E seguen a estar vivas, a resistir.



ARQUIVO LLANOS
Fábrica de Salazeta (c. 1910)




ENRIQUE SARAVIA
No fábrica de estereos (1911)
Archivo Museo de Pontevedra



Josef Gál
Linhas púas (c. 1920)
Arquivo Museo de Pontevedra



DELMÍ ALVAREZ
Concestrat (1989)



SEBASTIAO SALGADO
Conceiteiras
Concello de Vigo



DELMÍ ALVAREZ
Construámos (1989)



SEBASTIÃO SALGADO
Cantareiras
Concello de Vigo

eu
pártome pártome
e mirando
denúnciome asasina de equilibrios

Xela Arias



SEBASTIÃO SALGADO
Concreta:
Concello de Vigo



SEBASTIAO SALGADO
Conservas
Costello de Vigo



SEBASTIÃO SALGADO
Construtores
Concello de Vigo

Nos días da ceifa do marisco, as mulleres enchen os areais cos seus sachiños, en procura da navalla, do croque, do longueirón, da ameixa cadelucha, e da fina e da babosa. Torcen o lombo sobre os fondos das rías e, cando a chuva apreta, elas persisten e, logo, os seus risos son a culminación dun labourar a reo do que se vai beneficiar a cadea de intermediarios que rouba a flor do esforzo destas mulleres traballadoras.



RAQUEL
Morizadora



JOSEP GOL.
Orjiguera. Caudal de setrat (1979)



JOSEP GOL
Mariscaderas (1979)

**ONDE O VENTO SEMENTOU eguas
o mar mulleres**

Xela Arias



RAQUEL
Maritadora

non conozo o camiño
e as aves
denizaron as migallas
que asinalaban as pegadas miñas
polo bosco

Luz Pozo




RAQUEL
Maricaboa



JOSEP GOL
Descomisado de marates (1979)



JOSEP GOL
Desempleado de marisco (1979)



XELÍO GIL
Paisuras (1989)



XURNO LOBATO
Trabalhadoras (1989)

Mulleres independentes: hainas a millóns, vestidas con roupas pardas, que saen dos barrios da clase obreira en sucesión infinita camiño dos lugares de traballo e as fábricas, que van hacia os ferrocarrís suburbanos e os tranvías na madrugada, nesa hora en que a alba aínda loita coa escuridade da noite.

Alexandra Kolontai



MANUEL SENDON
Tis (1987)



JOAQUIN PINTOS
Empaquetadoras de sobrás na Tosa (1920)
Arquivo Museo de Pontevedra



DELMÍ ALVAREZ
Caracitera (1989)



RAQUEL
(1989)

Dóenme os ollos
de mirar
como rube
cada noite
a pedra,
de mirar
como rube o pranto
ao faiado dos días.

M^a. do Carme Krukenberg



XURXO LOBATO
Traballadoras da pizarra en Valdeorras



MANUEL SENDÓN
Merced de Teis (1987)



Xelo Gil.
Textil

Veleiquí a cólera, a cólera feminina das traballadoras galegas. Onde haxa un conflito xusto, en Baldaio, en Cangas, en Castrelo de Miño, nas Autopistas. Elas pónenlle fronte ás forzas represivas e unha gasa vermella pásalle polos ollos e cégaas, porque saben que teñen razón. Porque, no enfrentamento, coñecen que elas son as depositarias do asoballamento histórico, ou ancestral, de todo o pobo galego. Son, no combate, as dirixentes da nación.




DULMI ALVAREZ
Tejano (1946)



DELMÍ ALVAREZ
Telamón (1986)

Comigo
e os desposos de vós nace a historia
en min.

Xela Arias



DELMÍ ALVAREZ
Cangas (marzo 1936)

Eras precisa e forte. Non tiñas medo e nada.
Lei extraña do herdo: Non embargantes, eu,
aínda na escuridade, aínda hoxe confusa,
¡tanto que te imitaba!

Xohana Torres



JOSEP GOL
Montes comanais. Vocera de Vilaboa (1979)

As enrugas, os pregues da cara, os ollares perdidos e os abismos son significantes da servidume obreira, da derrota do traballo expropiado, da vida endurecida. Estas mulleres ensinan os estigmas nos seus corpos. Teñen tamén as almas feridas, como as mans, polos sulcos entrecruzados da miseria. Son as vellas traballadoras, que rematan a súa vida nun monólogo ao que non son extrañas as luces da esperanza.

Elas son todo memoria.

Tecín soia a miña tea
sembrei soia o meu nabal

Rosalía de Castro



DELMI ALVAREZ
A soa



ANNA TURBAU
Vejiña de Orta (1978)



ANNA TURBAU
(1978)

**xa non sei
se me chove ou vou chorando**

Luz Pozo



CHUS GARCÍA
(1987)

**Ninguén virá. Ninguén.
Polo tellado esbara isa tristeza,
oco de ti, e a chuvia, miudiña.**

Xohana Torres



CIUS GARCIA
(1987)



CEUS GARCIA
(1987)



XURXO LOBATO
Troballadoras (1989)

Este libro foi editado
para conmemora-lo
Día Internacional da Muller Traballadora

Vigo, 8 de marzo de 1990